

## TALENTO NATURAL

Do talento natural non se pode fuxir, has de ir con el a todas partes, lévalo como un fardo, cargar con el sen poder deixalo nunca na casa, no fondo do armario onde se garda o traxe dos enterros, no faiado xunto aos cabeceiros de ferro ou na artesa agochado baixo a fariña de facer o pan.

Non, o talento vai contigo cada día da túa existencia, marcando a posibilidade do éxito e facendo enormes os fracasos, que sempre son máis estrepitosos que os das persoas comúns, esas que nacen con un corpo e xa, non teñen ningunha habilidade coa que saír á rúa a dicir, mirade para min!

Manu soubo que tiña talento para xogar ao fútbol dende que os Reis lle trouxeran un balón no Nadal do 82. Apenas levantaba un metro do chan e o único que sabía do deporte era que facía berrar a toda a familia diante da televisión e que a mascota do Mundial fora Naranjito, un boneco que veu en forma de peluche a carón do balón e da cociña e o ferro de pasar de xoguete que lle chegou a súa irmá aquela mesma mañá de Nadal.

Ese mesmo día, a pesar do vento que ía en Malpica que erguía o mar ata deixalo vertical, seu pai quixo saír a estrear o agasallo, que parecía facerlle máis ilusión a el que ao neno, sobre todo cando comprobou marabillado que o seu fillo, dun modo instintivo e natural, sabía tocar o balón con tal xeito que parecía unha parte de seu e non un accesorio.

Manu sentiuse cómodo tocando co pé aquela cousa esférica que rodaba pola eira ou voaba polo ar se o empurraba forte. Tamén se sentiu orgulloso polo brillo que percibiu nos ollos do pai, que normalmente o miraba pouco e agora non lle sacaba ollo de encima, como se o estivese a ver por primeira

vez, animándoo a seguir dando patadas e bulindo dun lado a outro para facer unha portería con paus.

A Manu pareceulle divertido ata que se cansou e quixo entrar a xogar ás casinas con Iria, pero o pai impediullo. Tiña que xogar ao balón!

Nese intre e na inocencia dos seus catro anos, comprendeu que algo tiña cambiado no seu cativo mundo.

A partir de entón, cada tarde ao saír da escola o pai esperábao coa merenda, un bocadillo de Tulipán e azucre feito pola avoa un pouco antes, e inmediatamente despois levábao a adestrar, unha hora cada día na que facía tiros a porta, carreiras de fondo e toques de balón de punta ou de tacón. Co tempo, entraría no equipo de fútbol da escola e as horas dedicadas á pelota pasarían a ser dúas, incluso tres.

Aquel talento natural non se podía desaproveitar, esa era a idea, e *nada se acada sen esforzo*. Iso repetíalle cada mañá o pai. Iso e que algún día sería campión do mundo. Axiña, ademáis do seu pai, o pobo enteiro estaba atento ás súas xogadas e tratábano como se xa tivese na man ese futuro que esperaban. No quiosco regalábanlle regalicias e na tenda de Carme atendíano sempre de primeiro aínda que acabase de chegar.

*Es a nosa esperanza*, dicíanlle e el non entendía moi ben como podía cambiar os demais que el xogase ben ao fútbol, pero non dicía nada porque cando estaba no campo e había unha pelota tras a que correr, todo parecía ter sentido.

A única que non parecía confiar nese futuro esplendoroso era a nai, que ás veces rosmaba por esa leria que lle dera ao home e protestaba porque o neno chegaba canso e sen ganas de facer os deberes, pero dalgunha maneira desentendeuse de Manu, como se aceptase que xa non lle pertencía, quizáis

contenta de que o home abandonara o sofá onde pasaba as tardes dende que quedara no paro. Bastante tiña ela con levar o salón de peiteado que puxeran ao volver de Londres, onde se coñeceran hai anos, cando eran mozos e traballaban nun hotel de Earls Court e con mirar para outro lado cando regresaba á casa cansada de facer cardados e de pórllles os rolos ás vecinas e vía no lixo unha chea de latas de cervexa que o seu home beberá sen pestanexar diante do televisor.

Polo menos agora encargábase do neno, ata quería espertalo el mesmo para ir meténdolle na cabeza algunha frase motivacional que lera nun libro recentemente chegado de América que lle vendeu o libreiro ambulante que puña un posto nas feiras dos mércores. Así que o pobre Manu tomaba o colacao escoitando frases como "todo está na mente", "se queres, podes" ou "nothing is imposible", porque, se algo era seu pai, ademáis de vago e soñador, era bilingüe.

Co seu talento natural e con tanto adestramento, Manu era o mellor xogador da contorna. O campo de fútbol de Malpica, que estaba ao carón dos acantilados de Punta da Prancha, enchíase de público para velo regatear cando aínda estaba en alevíns, pero os seus compañeiros ás veces mostrábanse bastante indiferentes coas súas demostracións de pericia. Aínda que os facía ganar case sempre, no banco estaba moi só, como se fose un equipo dun dentro doutro equipo. Incluso o adestrador o ignoraba un pouco. Aplaudía algo cando metía un gol, pero sen moito entusiasmo, como se aceptase tamén que o adestrador de Manu era o pai, quen, cando o rapaz cometía un erro, gritáballe dende a banda de tal maneira que facía tremar a bancada enteira.

Un día, Carlos Gómez, que fora o seu compañeiro de pupitre dende infantil ata sexto, e que coma el era dianteiro centro, fartouse das súas exhibicións e durante un partido lanzou o balón ao mar. Sacaron un de repostado, pero na seguinte vez que o balón cbegou aos seus pés, Carliños volveu facer o mesmo. Un patadón e o balón saíu voando cara ao Atlántico. Os nenos todos quedaron mirando pasmos para o esférico que daba voltas sobre si mesmo como un planeta de órbita acelerada ata que unha onda o enguliu cara a abaixo.

O partido suspendeuse, Carliños deixou o fútbol para sempre e o pai de Manu decidiu que non podía esperar máis a que chegase a ese recanto do mundo un cazatalentos para ver o talento do seu fillo, que nun lugar onde o mar traga os balóns e os homes nun suspiro non era un lugar para triunfar.

Na casa dixo que volvían a Londres, que para algo os ingleses inventaran o fútbol e que alí si que poderían facer unha carreira. Díxoo así, en plural, como se el tamén manchara as botas de barro no campo.

A súa irmá, que xa tiña catorce anos e andaba moceando cun rapaz de Coristanco, dixo que ela non ía a ningunha parte. A nai que a ela lle parecía ben, que volverá a Londres e traballara dunha vez, pero que ela quedaba na casa coa nena e tan contenta.

A Manu, coma sempre, ninguén lle preguntou nada. A partir de entón e ata que marcharon, nesa casa falouse inglés todo o tempo, como única deferencia ao rapaz que ía deixar atrás todo o mundo coñecido do que só levaría consigo ao pai, o balón e o seu talento natural.

Londres pareceulle a Manu un lugar estraño. *Semella que non teñen ceo*, díxolle ao seu pai, que lles caeu enriba este teito opaco que nunca se desfai. Era como se a pesar do enorme que era todo, non tivese a inmensidade de Malpica, tan aberta ao mar, con esas bóvedas azuis que abrían os ventos e ese

horizonte que non se acababa nunca e que aliviaba a vista os días de melancolía.

Instaláronse nun cuarto dun terceiro piso sen ascensor na rúa Bolton Gardens, en casa dunha galega de Culleredo que herdara o edificio da señora que coidara e agora alugaba os cuartos a emigrantes galegos. O pai ofreceuse para facerlle o mantemento para sorpresa de Manu, que nunca antes o vira usar unha ferramenta. Pronto deixaría a Manu só na habitación para instalarse no departamento da caseira na planta baixa. De súpeto, a muller parecía moito máis riseira que cando chegaron e os recibirá con cara de ferreiro para esixirlles unha chea de normas imposibles. Agora agarrábase orgullosa do brazo do pai, que ao seu carón parecía o seu irmán pequeno e que logo deixaría as chaves inglesas e os desparafusadores para pasar o tempo diante do televisor abrindo latas de cervexa.

Dende a ventá, Manu vía as chemineas das casas que beireaban a A32220 Road e que no inverno non paraban de botar fume que se desfacía pouco máis arriba nese ceo sempre gris que case se podía tocar coas mans. Non había nada mellor que facer coa morriña. Iso ou dar a volta e tomarse diante dos estantes cos libros do colexio privado onde o meteron grazas a Bel, que así se chamaba a caseira, ou quedar fitando ao rostro de Paolo Rossi que penduraba do póster e mirábo tamén a el.

Unha tarde o pai levouno a facer unha proba para entrar no Fullham club de fútbol. Pasou un pouco de vergoña escoltando os seus gritos dende a banda dándolle indicacións como se a esas alturas non soubese el como tiña que facer co balón. Por sorte, facíao en galego e ninguén entendía o que dicía. Bastou o seu talento para entrar no equipo onde pasaría os seguintes anos.

En todo ese tempo de adolescencia, apenas viu a súa familia. A nai e a irmá viñeron unha vez, pero a nai nunha mirada a Bel deuse de conta do tipo de relación que mantiña co seu marido e só dixo, sen levantar a voz, «*non volvas máis*».

As palabras eran para o pai, pero Manu, que non recibiu ningún tipo de explicacións nin de indicacións, sentiu que se pechaban sobre el todas as portas do pasado. Regaloulle a súa irmá un trofeo para ese fillo que lle crecía na barriga e preguntoulle se non o botaban de menos por alá. A irmá, lendo a placa que festexaba ao máximo goleador da liga xuvenil, sen ser quen de mirarlle aos ollos, que seguían a ser claros como o mar da praia de Area Maior en días de sol, díxolle que alí todos pensaban que el tiña bastante co pai e co seu talento natural.

Logo marcharon as dúas sen mirar atrás.

A pesar de todo, sobre o céspede Manu era un mozo bastante alegre, e aínda que lle daba vertixe ese triunfo que supostamente o esperaba, si quería pasar todo o tempo posible no campo, o único lugar do mundo onde todo parecía estar no seu sitio.

Deixou cedo os estudos e salvo tomar unha cervexa despois dos partidos cos seus compañeiros, non facía gran cousa. Unha noite unha seareira entroulle camiño do baño. Era loura, seguramente tinxida, e levaba un piercing nos beizos. Deseguida estaban a bicarse na porta do The Ten Bells de Cronwell Road. A partir de entón saíron un tempo, pero no amor, aínda que era divertido, non era capaz de sentir esa paixón que lle provocaba o balón. Un día simplemente, non lle colleu máis o teléfono e así acabou a relación, como facía todo na vida, sen moitas palabras e sen darlle demasiadas voltas.

Con dezaoto anos entrou no grupo profesional. O soldo non era gran cousa pero dedicábase ao único que sabía facer. Se era feliz ou non, iso non o sabía, pero tampouco tiña grandes esperanzas, a pesar de que o seu pai lle seguía a amenizar os almorzos coas frases motivadoras e ás veces, cando pechaba os ollos permitíase soñar un intre con fichar no Chelsea e ser o máximo goleador da Premier League. E tamén, por que non, xogar na selección española e gañarlles aos seus propios compañeiros nunha final do mundial.

É mentira iso de que o fútbol é un deporte de grupo. En realidade, o pulo competitivo é completamente individual, aínda que sumarse a un desexo compartido sempre empurra cara a arriba. Iso, polo que recordaba, pasaba tamén na cama.

A súa oportunidade chegou nun último partido de liga no que o Fulham xogaba polo ascenso a primeira. Nun xogo agónico dos que fan historia entre os seareiros, Manu meteu un gol no último minuto que os meteu a todos na máxima categoría. Xogaban na casa e o estadio enteiro desfíxose nun mesmo grito de xúbilo. Sacárono a ombreiros como se fose un toureiro e un axente dos importantes, dos de Rolls Royce á porta do campo, deixoulle unha tarxeta na man nun xesto firme e imperativo, sen máis palabras, pero entendible.

*Call me.*

Fíxoo ao día seguinte e contoulle ao pai que por fin os seus soños estaban a punto de cumprirse, que Bill Tyron, axente dos xogadores mellor pagados de Inglaterra estaba a punto de conseguirlle un contrato co Chelsea.

Para a súa sorpresa, este montou en cólera e empezou a bramar coma se dentro del se desencadearan a un tempo as borraxeiras máis salvaxes que lembraba asolaban Malpica naqueles invernos da súa nenez, como se todos os

tronos e todos os raios fosen capaces de concentrarse nunha mirada e en todo aquel torrente de insultos que caían da boca en cascada. Desagradecido, traidor, inútil, lacazán, fillo de puta, retrasado, animal, de todo lle chamou seu pai ata que colleu as súas cousas e o botou á rúa como se fose un home despechado por un adulterio inesperado nunha película de serie B. Antes de que lle pecharan a porta nos focíños, veu o sorriso de Bel, quizáis contenta de ter por fin ao seu amado para ela soa, sen ter que competir co rapaz de talento natural.

Co novo soldo, Manu puido pedir un crédito ao banco para comprar un apartamento en Cheyne Walk, e tamén axudar a súa nai que apareceu de novo para pediirlle axuda para facer reformas na casa, que a avoa xa non podía andar e necesitaban facer un baño na planta baixa, ou que o salón de peiteado estaba a quedar moi antigo ou que Iria estaba embarazada de novo e o marido traía poucos cartos do mar que últimamente só devolvía peixes tristes.

No Chelsea, non obstante, non era a figura que todos imaxinaban na súa vila natal. Cando saían dos partidos, só un ou dous afeccionados lle pedían un autógrafo e facíanlo máis ben porque non conseguirán os das estrelas. E iso que a segunda tempada fora o segundo goleador. Quizáis fose porque era baixiño e pouco agraciado, cunhas orellas de abano e un pelo escaso e ralo como o dun rato que non facían apetecible ter unha foto firmada, nin sequera polos ollos azuis que algo salvaban.

Tamén Pelé e Maradona eran feos, pensaba el diante do espello, pero resulta que el, sendo bo e a pesar do seu talento natural, non era un xenio e por máis que o intentara cada día da súa vida dende que tiña memoria, xamais o sería.

Cinco anos durou na Premier League. O declive empezou unha noite que nun pub de Kensington Road se atopou con Tracy, a súa primeira e única noiva. Dende que a deixara, só botaría algún cañivete rápido e sen moitas ganas con algunha fan despistada. Tracy estaba guapa e alegrouse de vela. Ela tamén parecía contenta e volveron a bicarse como aquel primeiro día na canella traseira do bar ata que nun momento o rostro déla mudou nun aceno e díxolle. *Non está nada ben non contestar as chamadas das amigas*. Antes de que a Manu lle dese tempo a decatarse do que lle viña encima, propinoulle unha tremenda patada no xeonllo.

Perdeu a tempada e aínda que a lesión curou, nunca se recuperou o suficiente para estar no máximo nivel. Pasou varios anos rulando dun equipo a outro de segunda división. Polo menos foi quen de vender o apartamento de Cheyne Walk xusto antes de que llo quitase o banco.

Cuns poucos miles de libras na conta, chamou á porta do seu pai, que co permiso reticente de Bel deixouno instalar de novo no cuarto da última planta. A peaxe a pagar foi escoitar cada día ao almorzo frases de reproche como, se non me tiveses traizoado agora serías balón de ouro da Fifa. El comía os cereais en silencio e non replicaba, como sempre fixo, nin cando cría nel ni cando deixou de crer.

Cada día, despois de almorzar e facer a cama e limpar os baños da terceira planta como pago por vivir alí, Manu saía e collía a Circle Line cara Picadilly Circus.

Alí viu no anos despois o seu compañeiro de colexio Carlos Gómez, que agora era Trader e estaba en Londres por traballo. Volvera camiñando tranquilamente dende a City ata o centro. Era un día de primavera inglés no que non chovía e o gris do ceo era matizado, case luminoso e suave. Milleiros

de persoas inundaban as rúas e en Picadilly unha multitude amoreábase ante alguén que facía un espectáculo a carón da fonte de Eros.

Carliños abriuse paso e viu un home que lle daba toques ao balón unha e outra vez sen que a pelota tocase xamais o chan facendo as delicias da xente que o apurraba contando. Recoñeceuno inmediatamente. Xa non tiña cabelo, e a barriga redondeaba baixo o peito, pero seguía a ter a mesma mirada algo pasma e morriñenta, e sobre todo, aquel inconfundible talento natural.

Mercedes Corbillón